VIEIROS

Cartafol

Xestionado por Héitor Mera

Darío Xohán Cabana: Antoloxía do doce estilo novo

Tradución poética, creación poética

Antoloxía do Doce Estilo Novo
Darío Xohán Cabana (ed. e trad.)
Galaxia, Vigo, 2004. 434 páxs., 20 €

Dante foi quen, usando por primeira vez o termo *dolce stil nuovo* bautizou este movemento poético xurdido en Florencia a fins do século XIII. O precursor da corrente foi Guido Guinizelli e as figuras máis representativas Dante, Cavalcanti, Dino Frescobaldi, Lapo Gianni e Cino da Pistoia. O propósito dos estilnovistas era conseguir unha arte poética de maior orixinalidade, máis refinada e sutil, que superase a tradición da escola siciliana (liderada polo inventor do soneto, Jacopo de Lentini) e a da escola sículo-toscana (con Guittone d'Arezzo).

- 09:03 25/03/2005

A novidade deste estilo é que, aínda que seguen a usar as mesmas formas poéticas (canción, balada, soneto...), supérase a linguaxe feudal herdada da lírica provenzal, e os modelos establecidos polas regras do amor cortés ceden ante unha maior espiritualización da figura da muller. A amada xa non é a señora á que se rende vasalaxe, senón unha criatura anxelical, suma de todas as virtudes e símbolo da elevación de espírito, e o amante, produto dunha sociedade burguesa e urbana, non recibe a xentileza de corazón por herdanza, senón por amar.

Nesta *Antoloxía do doce estilo novo*, ademais dos poetas propiamente estilnovistas Darío Xohán Cabana ofrécenos a xeito de limiar unhas mostras das escolas siciliana e sículo-toscana, e como peche uns poemas de Sennucio del Bene. A presenza deste epígono xustificaa Cabana con estas palabras:

quizabes alguén me queira censurar a inclusión de cinco rimas de Sennucio del Bene (...). Sennucio foi moi amigo de Petrarca, e eu, que gastei varios anos da miña vida traducindo o Petrarca prá nosa lingua, teño certa debilidade polos seus amigos.

Ao final do libro incluénse tamén unhas breves notas biográficas de cada poeta que axudan a contextualizar as súas respectivas obras.

Entrando xa en materia, a disposición das versións orixinal e traducida de cada poema permítenos a lectura dos versos italianos ou a degustación directa das recreacións de Cabana, suficientemente autónomas e

poderosas como para tomalas illadamente. As solucións que adopta son enxeñosas, e sabe atopar para o galego equivalente enxebres de gran beleza:

Dio li mandi dolore,
unqua non vegna a maggio

Tal praga lle dea Deus
que o cuco pra el non cante (poema II)

E aínda que ás veces, obrigado polo corsé da métrica ten que engadir elementos novos:

Chi non avesse mai veduto fuoco -> Quen nunca vise lume ao seu redor (III)

com *io potesse gire in paradiso -> pra poder i ó paraíso un día (IV)*

suprimir outros existentes:

Più luce sua beltate e dà sprendore -> A súa fermosura dá un fulgor (V)

ou recolocalos:

né fu ned è né non serà sua pare -> nin ten nin ha de ter nin tivo par (V)

o resultado é abraiante na maioría dos casos, como demostra o poema VI, cuxa versión galega é unha transposición case perfecta dos versos italianos:

Lo vostro amore mi tene
ed hami in sua segnoria,
ca lealmente m *avene*
d *amar voi sanza falsia.*

É voso amor que me ten
suxeito de señoría
porque lealmente me avén
amarvos eu sen falsía. (poema VI)

Os momentos menos logrados por dicilo dalgún xeito son aqueles nos que a peaxe da métrica e da rima non dan opción máis que a facer unha recreación bastante libre (como no caso do poema XII). Mais isto non quere dicir ren, pois como antes sinalamos, os poemas traducidos son plenamente autónomos e lucen as marcas de estilo dun tradutor que é tamén un poeta nada desdeñable. Entre estas marcas está o xogo com dúas palabras derivadas da mesma raíz léxica:

mais como (a choia) estaba moi acostumada
co seu ***gazmeo****, axiña* ***gazmeou***

inexistente no orixinal (*ma non lasciava già per ciò lo crai, / e, a riguardo, sempre cornigliai*, poema XXIV) e que xa lle coñeciamos, por exemplo, da súa tradución do *Cancioneiro* de Petrarca:

spesse volte in frale bilancia appende e libra -> en precaria ***balanza balancea*** (poema CXCVIII)

Ademais dos logros métricos e da harmonía fónica que acada na súa tradución, Cabana articula un corpus léxico que en boa parte será o que lle permita emular en galego o ritmo, a musicalidade e os artificios dos versos italianos. Cabana acode á lírica e á prosa medievais e rescata formas como *cór* (►corazón►), que co seu alto número de aparicións flexibiliza enormemente a métrica. A forma *tóllemo* ('quítamo►, poema VI) non aforra sílabas, pero recrea as sensacións que evoca a xenuína lírica medieval galega, o mesmo que *brasmar* (►censurar►, IX) e *miña señor* (XI).

A carón deste léxico medieval hai outro procedente da lingua poética, pero pouco frecuente. Palabras como *gaios* (XXXIV) ou *fementido* (XXX) son cultismos que aparecen nos dicionarios, pero que non estamos habituados a ler en libros de poesía porque non se usaran no seu momento para crear nin ata agora para traducir.

Estes afáns do tradutor dannos idea do escrupuloso labor que realizou. É algo que debemos valorar na súa xusta medida, pois, citando a unha especialista na materia: "tan importante se revela para unha lingua a elaboración dun modelo literario, como para unha literatura a existencia dun corpus lingüístico flexible e rico capaz de responder ás esixencias de xéneros e modelos literarios diferentes".

mércao en **Andel**